

Sr. alcalde-presidente do Concello de Vigo
Praza do Rei nº 1
36202 – VIGO (Pontevedra)

Expediente: G.6.Q/29132/17

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2017

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse unha actuación de oficio como consecuencia da noticia relativa á situación dunha muller embarazada sen fogar.

Unha moza de 23 anos embarazada de catro meses atópase acampada (sen fogar). Tras pasar cinco ou seis días no albergue municipal e ao faltar unha noite, ao regreso atopouse con que xa non a admitían.«Volvín ao día seguinte e dixéronme que perdera a praza. Non me informaron de cando podía volver e sabían que estaba embarazada. Pedín axuda a uns amigos para refuxiarme uns días e agora, ao decatarme da existencia desta acampada vinme para aquí». Está disposta a volver ao albergue se a admiten de novo. «Non vou estar pasando vergoña. Polo menos tiña onde durmir», di. Asegura que os seus pais non queren saber nada dela. «Ten que ver con estar embarazada e coa persoa coa que estou, que non é da súa agrado. Non lles gusta, porque é peruano», indica. A súa idea é seguir na acampada, porque non ten outra opción.

Os servizos sociais do concello déronlle cita para o 11 de decembro, polo que terá que esperar a ver se lle ofrecen unha alternativa. Membros da acampada entregaron un escrito no concello no que informaban que ven na obrigaón de acoller a esta persoa ao non conseguir teito para pasar a noite. Advirten que antes de adoptar esta decisión esgotaron todas as vías e informado os responsables municipais, así como ás policía nacional e local. Os acampados non se fan responsables do seu comportamento, aínda que lle deron unhas pautas. Lembran que os servizos sociais están ao tanto da situación.

Outra moza acode con frecuencia a durmir co seu can, ao non permitir o albergue municipal introducir animais. Tanto o concello como Cruz Vermella, concesionaria do albergue municipal, eludiron onte valorar os feitos.

Ao considerar que esta queixa atopa cobertura constitucional derivada do artigo 41 da Constitución requirimos dese concello que no prazo de 15 días, de acordo co previsto no artigo 22.1 da Lei do Valedor do Pobo, nos facilite información sobre o problema que motivou a queixa, en particular sobre a comprobación das circunstancias enunciadas nela, sobre as medidas adoptadas ou previstas, e sobre as demais circunstancias relevantes.

Agradézolle a remisión do preceptivo informe e saúdoo atentamente.

Milagros M^a Otero Parga
Valedora do Pobo